

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **TRECE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do 1º tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia dos concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**
- 3º.- **URBANISMO.**
- 4º.- **EXPTE. 1561/2017. SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.**
- 5º.- **EXPTE. 1168/2017. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)”.**
- 6º.- **SOLICITUDE DE JAVIER CUIÑA MACEIRA SOBRE SUPRESIÓN CARGA GRAVADA SOBRE INMOBLE SITO EN MANDUAS-CHAPA-CORNADO (SILLEDADA) NO REXISTRO DA PROPIEDAD.**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 04 de Decembro de 2017

2º.- **SERVICIOS SOCIAIS.**

2.1.- Expediente 1554/17. S.A. L. Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Mª Celia González Peteiro, de data 11 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **S.A.L.H**

2.2.- Expediente 1505/17. M. P.G.V. Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 1 de novembro de 2017, asinado o 11 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M.P.G.V.**

3º.- URBANISMO.

3.1.- Expte. 60/2017. Licenza de construción de estercolero. Manuel Iglesias Fernández en representación de "SAT O CHOPE".

Vista a solicitude de licenza presentada por Manuel Iglesias Fernández, en representación de "SAT O CHOPE", Rexistro de Entrada nº 2017-E-RC-2740 de data 29 de novembro de 2017, para construción de estercolero, no paraxe de Paraxoa – Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda).

Visto o informe emitido o 05 de decembro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	Manuel Iglesias Fernández		
Data de rexistro	29/11/2017	Nº 2017-E-RC-2740	Expediente 60/2017
Solicitude	Construción de estercolero		
Emprazamento	Paraxe de Paraxoa, Sestelo		
Referencia catastral	36052M503001130000FQ		Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral	n/d		X: 557081.57 m Y: 4726009.44 m
Clase de solo	Rústico de protección agropecuaria		Superficie construída: 250 m ²
Autor do Proxecto	Ramón Moreira García, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado 1.666		
Proxecto	Anteprojecto Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)		
Dirección de Obra			
Dirección de Execución			
Orzamento (P.E.M.)	9.000,00 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 12 Planeamento do Concello de Silleda
 - 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

- 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 60/2017, de solicitude de licenza asinada por Manuel Iglesias Fernández, presentada con R.E. 2017-E-RC-2740 de 29/11/2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Ramón Moreira García, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado 1.666 e xustificante de pagamento de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Construción de estercolero, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.
5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.
6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de	SI

servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

SI

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

– As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

SI

– O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

SI

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

Non existen

– A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

SI

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

SI

– Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

– A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

– A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

– Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

– Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

– As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede

<p>garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. – Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.</p>	
<p>f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.</p>	Non procede
<p>g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular. Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.</p>	SI
<p>Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.</p>	
<p>CUMPRE</p>	
<p>As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:</p>	
<p>a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.</p>	Non procede
<p>b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.</p>	35,1,h)
<p>c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.</p>	Si
<p>d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.</p>	Si
<p>e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.</p>	Si
<p>f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.</p>	Non procede
<p>Artigo 92. Protección das vías de circulación.</p>	
<p>1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.</p>	N/d

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

Si

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

8. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Cumpre
Superficie mínima de parcela	3.734,00	2000	Si
Altura de cornixa	5,00	7,00 m	Si
Ocupación máxima	6,69 %	20 % (Explotacións 60%)	Si
Superficie ocupada en planta			Si
Número máximo de plantas	B	B+1	Si
Recuamento a lindeiros	5 m	5 m	Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	Si
Acceso rodado	Si	Si	Si

9. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia por non ser de aplicación no proxecto.

10. O proxecto presentado non xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, por non ser de aplicación no proxecto.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

12.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

12.1.1 Entre a documentación presentada, o promotor aporta copia da autorización do mencionado Servizo, asinada o día 30 de maio de 2017.

13. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Construción de estercolero solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a Manuel Iglesias Fernández, en representación de SAT O CHOPE para construción de estercolero, no paraxe de Paraxoa – Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

3.2.- Expediente 1567/17. Cambio de titularidade. ÓSCAR RIVAS VINSEIRO.

Vista a solicitude presentada por ÓSCAR RIVAS VINSEIRO, Rexistro de Entrada N.º 2017-E-RE-5264, de data 22 de novembro de 2017, solicitando o cambio de titularidade da licenza concedida por Decreto de Alcaldía o 27 de xuño de 1988, a nome de José Neira Álvarez, para Bar, na parroquia de Piñeiro, n.º 30 (Silleda), pasando a ser o novo titular ÓSCAR RIVAS VINSEIRO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de Bar, na parroquia de Piñeiro, n.º 30 (Silleda), outorgada a José Neira Álvarez por Decreto da Alcaldía de data 27 de xuño de 1988, pasando a ser o novo titular ÓSCAR RIVAS VINSEIRO, en troques de José Neira Álvarez.

Segundo.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros, ingresados na conta do Concello en data 28 de novembro de 2017.

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Quinto.- Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-

administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4º.- EXPTE. 1561/2017. SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.

Visto o Padrón das Taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento, correspondente ó **terceiro trimestre de 2017**, ascendendo o mesmo a:

- Total facturación:	162.458,27 €
- Total facturación (s/canon)	138.147,27 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación o citado Padrón estará a disposición do público durante 15 días dende a publicación do presente anuncio no BOP na Oficina do Servizo Municipal de Augas sita na rúa Alfonso Trabazo, nº 3-1º (Silleda), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

2º.- Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

3º.- Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio, produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación. O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora ABANCA no período voluntario sinalado no recibo.

4º.- Transcorrido o período voluntario de pago establecido de dous meses a partires da súa publicación, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prerna, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º.- EXPTE. 1168/2017. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)”.

Dase conta do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)”, que transcríbese a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)”

En Pontevedra, a 12 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Manuel Cuiña Fernández, quen actúa no nome e representación do Concello de Silleda en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D^a Sonia Mateos Escudero, en calidade de secretaria accidental da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Ambas institucións comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión. A estes efectos, o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

III.- Que, ó abeiro do artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos asumen competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

IV.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

V.- Que, por unha banda, a insuficiente capacidade financeira dos concellos mais pequenos, que impide, na maioría das ocasións, que se considere prioritario abordar ás carencias que se producen e os seus impactos negativos na prestación de servizos; e por outra banda, sendo competencia da Deputación a colaboración e asistencia económica e técnica con estes concellos e o fomento da mellor prestación de servizos a poboación, considérase necesario impulsar unha convocatoria de

axudas para equipamentos e dotacións municipais, concibida como una liña mais de cooperación municipal para reequilibrar a situación de equidade na cooperación cos concellos.

VI.- Que a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos referidos obxectivos, a Deputación aprobou a convocatoria de “SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS EN EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS SINGULARES NA MELLORA DO REEQUILIBRIO TERRITORIAL DOS SERVIZOS. CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES”.

VII.- Que ao abeiro de dita convocatoria, concedeuse unha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Silleda con destino ó financiamento do investimento “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)”, quedando condicionada a efectividade da concesión á sinatura do correspondente convenio.

VIII.- Que a execución do investimento referido, resulta do interese de ambas administracións, polo que, de acordo coas precedentes consideracións e para o desenvolvemento da colaboración entre ambas institucións, o Concello de Silleda e a Deputación Provincial de Pontevedra, á vista da importancia económica e social que para o Concello e a súa veciñanza ten este investimento, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda, para levar a cabo a actuación “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)”.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

O custe total da actuación ascende a oitocentos oitenta e dous mil seiscentos setenta e un euros con dezaseis céntimos (882.671,16 euros).

Deste importe, a Deputación Provincial financiará unha contía máxima de setecentos seis mil cento trinta e seis euros con noventa e tres céntimos (706.136,93 euros), que na parte correspondente á anualidade 2017, 282.770,75 euros, se imputarán contra a aplicación 2017/942.9420.762.10 do vixente orzamento provincial.

As anualidades 2018 e 2019, 284.823,33 euros e 141.616,00 euros, respectivamente, se imputarán no seu caso ás aplicacións orzamentarias, 2018.942.9420.762.10. e 2019.942.9420.762.10, condicionadas á aprobación dos respectivos orzamentos para cada exercicio.

Pola súa banda, o Concello de Silleda achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de cento setenta e seis mil cincocentos trinta e catro euros con vinte e tres céntimos (176.534,23 euros), que será financiada con fondos propios municipais íntegramente na anualidade de 2018.

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar nas anualidades 2017, 2018 e 2019, nos importes que deseguido se indican:

	2017	2018	2019	TOTAL
Deputación de Pontevedra	282.770,75 €	282.770,75 €	140.595,43 €	706.136,93 €
Concello de Silleda		176.534,23€		
TOTAL CONVENIO				882.671,16 €

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución do contrato, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Silleda previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades do contrato e da resolución

que se dite. A execución dos investimentos nas distintas anualidades queda condicionada á existencia de crédito en cada unha delas.

2º.- Aprobado o proxecto de obra, o Concello remitirao á Deputación Provincial.

A Deputación Provincial someterá o proxecto de obra obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e someterao á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas no mesmo, con carácter previo á súa licitación.

3º.- Formalizado o contrato de obras para a execución do proxecto a que se refire o anterior parágrafo, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarase a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

En todo caso, os procedementos de contratación deberán estar en fase de licitación con anterioridade ó 30 de xuño de 2018, e o prazo máximo da execución será o 30 de xuño de 2019.

4º.- O Concello comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación das resolucións do órgano competente aprobatorias da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

5º.- Formalizado o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección da obra, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial.

6º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Silleda asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas no correspondente proxecto técnico descritivo das actuacións, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. Así mesmo, as actuacións deberán estar totalmente xustificadas no prazo de tres meses desde a súa finalización, e, en todo caso, antes do 30 de setembro de 2019.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será abonado, unha vez presentada por parte do Concello a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato.
- O contrato
- O proxecto técnico de conformidade co determinado no artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- O nomeamento do director técnico
- A acta de replanteo ou certificado sobre a dispoñibilidade dos terreos (soamente naqueles casos nos que esta documentación non obre no expediente de concesión ao estar pendente a resolución de permisos, licenzas, servidumes, augas ou autorizacións sectoriais por parte doutra Administración)
- A acta de comprobación de replanteo.
- As certificacións de obras
- Acordo municipal de aprobación da certificación de obra correspondente.
- Acreditación, con cada unha das certificacións, do cumprimento da publicidade dada ao investimento que se financia con fondos provinciais, mediante o cartel correspondente.

- Acta de recepción, ao remate da obra e coa última certificación, no modelo normalizado que se atopa na páxina web da Deputación, que se axustará ao disposto nos artigos 52 e 235 do TRLCSP e na que os asinantes terán que estar debidamente identificados. Na acta de recepción debe figurar a identificación de quen asina, coa expresión do seu cargo.
- Acreditación de que o Concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas, certificando que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán comprobadas polos servizos técnicos e de Cooperación da Deputación e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo

QUINTA.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, suporá a tramitación do correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e a redacción do modificado que haberá de contar coa aprobación previa e expresa do Concello e da Deputación Provincial de Pontevedra. Asemade, as revisión de prezos, cando supoñan un incremento dos custos, correrán a cargo do crédito do Concello, do mesmo xeito que os custes a maiores que poidan xerar as prórrogas e suspensións temporais na execución dos contratos.

No caso de que o proxecto realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do mesmo, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

SEXTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Silleda obrígase a:

- Financiar a realización das obras, segundo a distribución disposta na cláusula segunda.
- Redactar o correspondente proxecto das obras obxecto do convenio e a aprobación do mesmo, debendo remitir un exemplar do proxecto aprobado á Deputación Provincial.
- Contratar a súa execución e a dirección das obras.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Remitir, unha vez formalizados os contratos correspondentes, unha copia destes á Deputación Provincial.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitar, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras executadas se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación dos bens obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Silleda comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a realización das obras, achegando a contía máxima de setecentos seis mil cento trinta e seis euros con noventa e tres céntimos (706.136,93 euros), segundo a distribución por anualidades disposta na cláusula segunda.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 euros.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Silleda, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento das ditas actuacións pola Administración Provincial.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Silleda e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das actuacións obxecto do convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

A obtención de subvencións doutras Administracións, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por ela.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o Deputado-Delegado de Cooperación Municipal, quen ostentará a presidencia da Comisión, e o Alcalde-Presidente do Concello de Silleda ou as persoas nas que deleguen, e polo menos un funcionario/técnico de cada administración.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

- A emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións celebraranse no lugar que de común acordo dispoñan as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar finalizadas antes do 30 de xuño de 2019. Así mesmo, deberán estar xustificadas no prazo de tres meses, desde a súa finalización, e, en todo caso, antes do 30 de setembro de 2019.

DECIMA PRIMEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Polo incumprimento das condicións de concesión da subvención ou noutras recollidas nas "Bases reguladoras de subvencións para investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos. concellos de menos de 20.000 habitantes"

6º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DECIMA SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas cláusulas que se conteñen neste convenio; as Bases reguladoras das subvencións para investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos. concellos de menos de 20.000 habitantes; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Silleda e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*O Alcalde-Presidente do Concello de Silleda
Asdo.: Manuel Cuiña Fernández*

*A Presidenta da Deputación de Pontevedra
Asdo.: M^a Carmen Silva Rego*

*A Secretaria Accidental da Deputación de Pontevedra,
Asdo.: Sonia Mateos Escudero*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación ó texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA (FASE II)” anteriormente transcrito.

6º.- SOLICITUDE DE JAVIER CUIÑA MACEIRA SOBRE SUPRESIÓN CARGA GRAVADA SOBRE INMOBLE SITO EN MANDUAS-CHAPA-CORNADO (SILLEDA) NO REXISTRO DA PROPIEDAD.

Vista a solicitude de **JAVIER CUIÑA MACEIRA**, rexistro de entrada nº 5398, de 5 de Decembro, no que interesa se suprima a carga que grava o seu inmovible, identificación rexistral nº 24412 sobre vivenda unifamiliar en MANDUAS-CHAPA-CORNADO (SILLEDA)”, consistente en anotación preventiva por motivo de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística – acordo XGL de 22-08-2011-.

Tendo en conta que foi arquivado o expediente de infracción urbanística pola APLU en data 20/03/2013 e que en data 16/10/2017 lle foi notificada a concesión de licenza de primeira ocupación polo Concello de Silleda, co que quedou legalizado o expediente.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, RESOLVE

Deixar sen efecto a carga que grava o seu inmovible, identificación rexistral nº 24412 sobre vivenda unifamiliar en MANDUAS-CHAPA-CORNADO (SILLEDA), a nome de **JAVIER CUIÑA MACEIRA**, consistente en anotación preventiva por motivo de incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística –acordo XGL de 22-08-2011-, por estar plenamente legalizada a obra, dando traslado deste acordo o Rexistro da Propiedade de Lalín, para a súa cancelación.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 13 de Decembro de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga